



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 4 de novembro de 2021, a vista das avaliacións achegadas polas Comisións de Farmacia e Terapéutica da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza e da Área Sanitaria de A Coruña, CONSIDERA PERTINENTE, de acordo a instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía psicoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, dos medicamentos considerados de alto impacto, sanitario, social e económico:

BUPRENORFINA SOLUCIÓN INYECTABLE SC

no tratamento da dependencia de opioides, no marco dun tratamento médico, social e psicolóxico. O tratamento está indicado en adultos e adolescentes de 16 anos en diante, para aqueles pacientes actualmente en tratamento con buprenorfina/naloxona sublingual, que non estean adecuadamente estabilizados ou que presenten problemas de adherencia ao tratamento.

A súa administración realizarase en centros asistenciais autorizados, por profesionais sanitarios

Non se permite aos pacientes levar o produto a casa nin autoadminístralo.

Esta resolución é comunicada nesta data a comisión de farmacia e terapéutica do seu hospital.

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Director Xeral de Asistencia Sanitaria
Jorge Aboal Viñas

(PD Acordo do 1 de outubro de 2021)
O subdirector xeral de Xestión Asistencial e Innovación
Alfonso Alonso Fachado

Santiago de Compostela (sinatura e data dixital)

Xerentes das Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde

